




LUXIA

LAMBONA

E A BANDA MOLONA

The background of the entire page is a vibrant red gradient. Scattered across this background are numerous stylized lightning bolts. Each bolt is primarily yellow with a blue outline, giving them a graphic, almost cartoonish appearance. They vary in size and orientation, pointing in various directions across the frame.

Nenos e nenas...
Hoxe podemos... Cantar!
E podemos...Bailar!!



INFORMACIÓN XERAL

CONTIDO


Esta banda de música infantil recolle os clásicos populares galegos dándolle o seu toque particular, dende A Carolina "rapeada" ata O Jato "rockeiro", pasando por outros moitos temas tradicionais, todos eles moi dinámicos, facendo que todos os nen@s presentes sexan participantes deste "des-concerto", cheo de bailes, xogos, coreografías e algunha que outra

¡SORPRESA!



PERSOAL

Cinco músicos-animadores (batería, guitarra, baixo, frauta-gaita e acordeón)
e unha cantante-animadora.



Serghaño



Uxía



Diego



Roscón



Pali



Ñoc


T
E
M
P
O
S

Duración: 1h 15 minutos

Tempo da montaxe: 2h


Tempo da desmontaxe: 1h

MATERIAL




Equipo de son
(caixas, monitores,
amplificadores,
microfonía,...)

*



Instrumentos
musicais (guitarra,
baixo, batería,
acordeón
e frauta-gaita)



fondo
de escenario



vestiario,
caracterización
e material específico
da animación.

*Equipo de son suficiente para un espazo de 20x20m, e a xente que entre neste espazo.
Para espazos maiores será necesario unha PA externa a cargo da parte contratante.

SINOPSE

Uxía Lambona e a Banda Molona é unha banda musical infantil que nace no ano 2014 e está formada por Pali ao baixo, Ñoc á batería, Diego á gaita e frauta, Serghaño á guitarra, Roscón ao acordeón e Uxía cantando e animando! .

Ten o obxectivo de facer cantar e bailar "coma toliñ@s" a todos os nenos e nenas, achegándolles a música tradicional galega dun xeito atractivo para eles, cambiando estilos musicáis, letras..., e temas propios sempre en galego.

A día de hoxe temos tres cd's publicados:

"Uxía Lambona e a Banda Lambona" 2015


"A bailar coma to!@s" 2017

"Astronauta Sideral" 2019

NECESIDADES TÉCNICAS



RIDER TÉCNICO 2020 1.0



BANDAS DE TRABAJO DE R


DIADEMA	790,100 - 797,600 MHz
DIADEMA SPARE	800,100 - 817,600 MHz
IEM	1 740,000 - 776,000 MHz
IEM 2	786,000 - 822,000 MHz

MONTAXE E PROBA DE SON

Precisaranse un mínimo de 2 horas dende a chegada da banda ata a hora de actuación para a montaxe e proba do equipo da banda

ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Uxía Lambona e a Banda Molona precisa dúas tomas independentes de 16 A Shucko ou ben unha Cetac coa súa debida toma de terra á chegada da banda.



ILUMINACIÓN

A Banda non dispón de sistema de iluminación. Será necesario prover un no caso de insuficiente iluminación no escenario.

CAMERINOS

É necesario prover á banda dun espazo a cuberto e pechado onde poidan cambiarse 6 persoas.

MONTAXE E PROBA DE SON

As dimensións mínimas do escenario deben ser de 6x6m e a unha altura dende o chan non superior aos 80 cm. Consultar en caso de dúbida neste punto. En calquera caso **nunca escenarios de dobre altura.**

Deberase prever o espazo para a montaxe do **fondo de escenario** da banda. As súas dimensións son de 4 m de longo x 1 m de fondo e 3 m de altura.

É necesaria rampa ou escaleira de acceso ao escenario apropiada para o acceso de rapaces.

***Todas estas necesidades deberán estar a disposición do artista dende a súa chegada.**



Ei rapazada...
e vós que queredes?
Bailar coma TOL@S!!!!